



ANUNCIO

A Alcaldía, con data 27-02-2025, ditou a Resolución 279/2025 que a continuación se transcribe:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

ASUNTO: NOMEAMENTO DE HÉCTOR CALVO MUÑIZ

EXPEDIENTE: PROCESO SELECTIVO PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO PARA CUBRIR POSTOS DE TÉCNICO/A DE URBANISMO (A2) NO CONCELLO DE VIMIANZO, COMO FUNCIONARIO/A INTERINO/A

EXPTE.: 2024/E001/000014

ANTECEDENTES

1. A Alcaldía, con data do 03/01/2025, ditou a Resolución 6/2025, que aprobou as bases para a elaboración dunha bolsa de traballo para a cobertura de postos de técnico/a de Urbanismo (A2), que se publicaron no taboleiro da sede electrónica do Concello de Vimianzo con data do 08/02/2025. O extracto do anuncio referido ás citadas bases publicouse no BOP o día 10/01/2025, e o prazo de presentación de solicitudes estivo aberto entre o 11/01/2025 e o 27/01/2025.
2. A lista de persoas admitidas foi aprobada mediante Resolución de Alcaldía núm. 151/2025, do 05/02/2025. O anuncio publicouse no taboleiro da sede electrónica do Concello de Vimianzo con data do 05/02/2025 e recolle a seguinte relación:

	TEDEC	DNI*	APELIDOS	NOME
1	2025/E002/000009	***9659**	ÁLVAREZ FONTENLA	BEATRIZ
2	2025/E002/000001	***7994**	BANGUESES FERNANDEZ	GABRIEL
3	2025/E002/000015	***1802**	CABEZA PUENTE	GONZALO
4	2025/E002/000007	***8263**	CALVO MUÑIZ	HECTOR
5	2025/E002/000003	***2541**	QUEIRO ARIAS	ALVARO
6	2025/E002/000006	***0836**	RUIZ VALENCIA	ALBERTO
7	2025/E002/000008	***0975**	SUÁREZ MARCOTE	Mª LUNA

3. Constan no expediente as actas do tribunal con datas do 6, 12 e 13 de febreiro. A última delas recolle a proposta para a Alcaldía. O anuncio do tribunal coas notas foi publicado o día 13/02/2025 e, no prazo outorgado nas bases para a presentación de alegacións, non se rexistrou ningunha.
4. A técnica de Urbanismo do Concello de Vimianzo atópase en situación de baixa e en avanzado estado de xestión, polo que procede cubrir o seu posto durante a situación de baixa e períodos de vacacións e permisos consecutivos, de habelos.



5. Por Resolución de Alcaldía núm. 232/2025, do 18/02/2025, aprobouse a bolsa de traballo e o chamamento a Gonzalo Cabeza Punte:

ORDE	EXPTE. TEDEC	DNI *	APELIDOS	NOME	PUNTOS
1	2025/E002/000015	***1802**	CABEZA PUENTE	GONZALO	79,00
2	2025/E002/000007	***8263**	CALVO MUÑIZ	HECTOR	57,00

6. Consta a comunicación de Gonzalo Cabeza Punte na que manifesta a imposibilidade de incorporarse ao posto por motivos profesionais.
7. Por Resolución de Alcaldía núm. 240/2025, do 19/02/2025, aprobouse o chamamento de Héctor Calvo Muñiz para cubrir a vacante, por baixa da titular da praza, no posto de técnico de Urbanismo.
8. Constan a documentación presentada polo interesado (anexada ao expte. 2025/E002/000007) e o informe favorable da técnica de Desenvolvemento Local sobre a documentación presentada por Héctor Calvo Muñiz para o seu nomeamento.
9. Consta o informe favorable de Intervención, con data do 26/02/2025

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

A base décima, das que regulan o proceso selectivo, recolle o procedemento para o chamamento, e a base undécima está dedicada ao procedemento de nomeamento e toma de posesión.

Tendo en conta o anterior, **RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobar o nomeamento de Héctor Calvo Muñiz, para cubrir a baixa, e o tempo de ausencia por vacacións e permisos, da titular da praza, conforme ao regulado no artigo 10.1. letra b (substitución de titulares), con data de toma de posesión no 03/03/2025.

[...]"

Vimianzo, a 27 de febreiro de 2025

A alcaldesa

Mónica Rodríguez Ordóñez